



Grupo de traballo **COMPAÁS** (Coordinación e mediación de proxectos activos en secundaria).



- **A CONVIVENCIA:** obxectivo prioritario
- **USO DE TÓDOLOS ESPAZOS:** biblioteca, aula de Polos Creativos, radio, laboratorios, aula de proxectos, construción e audiovisua, aula segura, aula de convivencia...
- **COLABORACIÓN ENTRE AS DINAMIZACIÓNS E ACCIÓNS RELACIONADAS:** Igualdade e Diversidade, Dinamización da lingua galega, Sostibilidade, Hábitos saudables...

PROPOSTA DE OBXECTIVOS

- TEMPORALIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES
- CONTINUAR COS PROXECTOS ACTIVOS, A ORGANIZACIÓN DOS RECREOS ACTIVOS E OS RECREOS DE CONVIVENCIA.
- CONTINUAR CO PFPP PARA O GRUPO DE TRABALLO COMPAÁS.
- SOLICITAR FORMACIÓN PARA O PROFESORADO EN PRÁCTICAS RESTAURATIVAS E MEDIACIÓN.
- PROPOSTA DE TEMA TRANSVERSAL PARA ESTE CURSO: **O TEATRO.**
- *Empregar o teatro como unha ferramenta transformadora que mellora a convivencia e permite unha colaboración multidisciplinar.*
- SOLICITAR OBRADOIRO DE TEATRO.

Que esperamos do claustro?

POTENCIAR O PROXECTO DENDE AS DIFERENTES MATERIAS E ANIMAR A TODO O CLAUSTRO A PARTICIPAR.

EQUIPO DE IGUALDADE E DIVERSIDADE

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

A igualdade e a diversidade son dúas caras dunha mesma moeda. A igualdade é só posible na aceptación da diversidade, e esta só é pensable en termos de igualdade. Desde este equipo de alumnxs e profesorxs témolo claro e traballamos entendendo que é precisa unha revolución en todos os espazos no relativo a esta materia, e a escola non pode quedar fóra.

Non podendo ser doutro xeito, estamos moi de acordo con Simone de Beauvoir naquelo que dixo trala frase “non se nace muller, chégase a selo”, a saber, “o sentido da vida atópase na loita pola liberdade e a autenticidade, na creación constante dun/ha mesmxx ao longo da existencia”.

Nós, con vós, **queremos traballar para (de)construír un espazo libre no que toda identidade se atope comprendida e respectada; por incidir nas mentes escuras que non o comprenden; por dar pasos cara un futuro feminista, totalmente integrador, orgulloso, igualitario.... E para elo é preciso desenvolver actividades que dean visibilidade aos problemas, que sensibilicen á xente e creen empatía, que conciencien da necesidade dun cambio e da importancia que ten a acción individual diaria.**

Demandamos a vosa participación, os martes nos segundos recreos, como persoas afíns aos valores da igualdade e a diversidade para planificar, deseñar e desenvolver actividades no centro para cxs vosxs compañeirxs. O ano pasado eramos arredor de 10 docentes e 6 alumnos implicados que levamos a cabo actividades fundamentais. O *violentómetro* mostrounos as distintas formas de violencia e a omnipresencia da mesma así como que o salto dunha a outra era doado. A árbore da entrada, que cada día se vai enchendo máis, simboliza a realidade diaria do machismo. Pero a proxección de 8 lúas, Lúa Mosquetera e os obradoiros con *Lixo Atelier* demostráronos o papel das mulleres e a importancia da reivindicación e nós mesmos e nós mesmas demostrámonos, nas actividades do faladoiro audiovisual e na revolta feminista, que temos ganas de cambiar isto, de baixarlle a temperatura ao *violentómetro* e de non regar a árbore. Demostrámonos que as cores tiñan que ocupar o espazo e que da súa mestura saíron camisetas tie-dye tan diversas como o son as nosas identidades persoais ou afectivo-sexuais.

Desenvolvemos estas actividades perseguindo unha serie de **ODS** fundamentais, a saber, educación de calidade, igualdade de xénero, redución das desigualdades e, finalmente, establecer alianzas para lograr os obxectivos. Únete a esta alianza; a causa vai con todos, isto non é so cambiar os dereitos e as políticas públicas, que é fundamental, senón tamén partir daquilo que todos podemos contribuír a cambiar ou perpetuar... Que futuro queredes? Nós témolo claro: o futuro será diverso e feminista ou non será. Colabora e apoia as identidades máis debilitadas.

A REDE DA BIBLIO

A Rede da biblio é un proxecto que promove a cidadanía crítica, responsable e comprometida coa construción dun mundo máis xusto, equitativo, respectuoso coas persoas e o medioambiente, tanto a nivel local como global. A nosa referencia son os Dereitos Humanos e o compromiso no coidado da Terra e as actividades enmárcanse dentro da Axenda 2030.

Aprendemos facendo, participando, reflexionando sobre os temas que nos inquietan e poñendo a mirada sempre nos máis vulnerables.

A Rede da biblio ofrece dúas canles de participación, unha é o Voluntariado na biblio e outra a Rede solidaria da biblio.

No Voluntariado da biblio, o alumnado voluntario participa na organización de **actividades de animación e promoción da lectura, creación literaria, búsqueda de información, produción de contidos propios e xestión da biblioteca durante os recreos.**

Na **Rede solidaria da biblio** realizamos diferentes proxectos e actividades: **Visitas ás Residencias de maiores, Charlas sobre saúde mental, Mercadillo a favor da Asociación a Creba, Recollida de alimentos para Cáritas, Celebración do día da Paz, participación nas actividades da Campaña Mundial pola Educación, Preparación dun festival solidario para fin de curso...**

PROXECTO ACTIVO: RADIO PODCASA
 Polos Creativos
 IES Campo de San Alberto

VÍDEO PRESENTACIÓN



O profesorado pode participar na Radio Podcasa dende diferentes iniciativas:

- 1- **EQUIPO PODCASA:** formado por alumnado e profesorado voluntario encargado de dinamizar oa recreos con retransmisións en directo ou en diferido. **REUNIÓN: VENRES 1º RECREO NA AULA DE RADIO.** Agardámosvos!
- 2.- **COMPAÁS:** equipo formado por profesorado voluntario encargado de dinamizar e coordinar os diferentes proxectos activos no centro arredor do tema transversal, que este ano será O TEATRO. Dende a radio animamos ao profesorado a que aporte ideas e actividades para conectar a radio co teatro: banco de sons e paisaxes sonoras, radioteatro... Todas as iniciativas serán benvidas!
- 3.- **PROGRAMACIÓN DE AULA:** cada docente pode facer uso da Aula de Radio co alumnado na súa materia. Se xa ten formación en radio só terá que reservar a hora na que teña que usar a aula na plantilla que estará na porta da Aula de Radio. Se precisamos algo de formación para comezar co manexo podemos contactar con Claudina (profe de Música) para que nos axude a comezar. No escritorio do ordenador da Aula de Radio temos os tutoriais para un funcionamento básico.

Todas as iniciativa radiofónicas que imos gravando as temos publicadas no noso **canal de Ivoox:** PODCASA, A TÚA CASA NO AIRE!. Os contidos están clasificados en PROGRAMAS (cada materia) e EPISODIOS (cada podcast gravado). Podemos acceder dende a **web do centro** á seguinte [ligazón](#)



Proxecto de Sostibilidade

IES Campo de San Alberto

Este proxecto ten como obxectivo principal fomentar a conciencia ambiental entre o noso alumnado, promovendo a reciclaxe e a sostibilidade como valores fundamentais para o seu desenvolvemento persoal e social.

Obxectivos do Proxecto

- 1. Concienciación Medioambiental:** Educar ao alumnado sobre a importancia de coidar o medio ambiente e os efectos positivos que ten a reciclaxe no noso planeta.
- 2. Fomento de Hábitos Sostibles:** Ensinar ao alumnado a adoptar prácticas responsables, como a reciclaxe, tanto dentro como fóra do entorno escolar.
- 3. Participación Activa:** Involucrar a toda a comunidade escolar en actividades sostibles que xeren un impacto positivo no entorno.

Actividades Principais

- 1. Potenciación da Reciclaxe:** Colocáronse contedores de reciclaxe diferenciados (papel, plástico, orgánicos, etc.) en varios puntos do centro. O alumnado recibe orientación sobre o correcto uso destes contedores, incentivando unha xestión axeitada dos residuos.
- 2. Obradoiros de Reciclaxe:** O alumnado participa en obradoiros prácticos onde aprenden a reutilizar materiais como papel, cartón, plásticos e téxtiles. Estes obradoiros teñen un enfoque creativo, buscando que os alumnos lle dean unha segunda vida a obxectos que normalmente considerarían como refugallos.
- 3. Actividades Colaborativas:** Proxectos colaborativos co fin de promover a responsabilidade ecolóxica do entorno máis próximo.

Participación do Profesorado

Convidamos aos profesores a integrar estes conceptos nas súas materias, fomentar a participación do alumnado e apoiar as actividades programadas ao longo do curso.

Demandamos a vosa participación, durante un recreo semanal, para planificar, desenvolver e programar actividades colaborativas e interdisciplinares que fomenten e poñan en valor o coidado do medioambiente. Este proxecto non só busca mellorar a sostibilidade no centro, senón tamén educar ao alumnado para que se convertan en cidadáns responsables e comprometidos co medio ambiente.

Benvidos e benvidas á aula



de Polos Creativos!

Este ano queremos abrir as portas deste espazo a todos os equipos, grupos de traballo, alumnado, profesorado e familias para convertelo nun **centro neuráxico de creatividade, innovación e colaboración**. Aquí, queremos que as ideas tomen forma, que os proxectos se convertan en realidade e que **todos**, sen excepción, poidan aproveitar ao máximo os recursos e ferramentas que temos á nosa disposición.

Que **é** a aula de Polos Creativos?

Imaxina un espazo cheo de posibilidades, onde cada recuncho está deseñado para crear, experimentar e aprender facendo. A aula de Polos Creativos **non é só un taller, é un lugar de encontro para dar vida aos proxectos de todos os grupos de traballo do centro**: desde o equipo de convivencia, o equipo de igualdade, ata o grupo de teatro, a radio escolar e o equipo de sustentabilidade. Se algunha vez necesitaches un cartel

impactante, un decorado para unha obra de teatro ou materiais visuais para as túas campañas... este é o teu sitio!

Que ofrecemos?

Queremos que a aula sexa un espazo aberto e accesible para todo o mundo. Aquí poderás:

- x **Deseñar e crear** carteis, maquetas, decorados, accesorios, e todo o que o teu equipo necesite.
- x **Usar materiais reciclados e sostibles** grazas á nosa colaboración co equipo de sustentabilidade.
- x **Desenvolver proxectos** tecnolóxicos ou artísticos utilizando ferramentas como a impresión 3D, cortadora láser,plotter, e máis.
- x **Compartir e aprender novas habilidades:** comparte o que sabes, desde deseño gráfico ata carpintería, pasando por edición de vídeo ou creación de atrezzo.

É un espazo para todos e todas!

Esta aula é a túa aula. Queremos que tanto o profesorado como o alumnado e as familias sentan parte deste proxecto colaborativo. Se formas parte do equipo de igualdade, convivencia, normalización lingüística, teatro, radio, ou calquera outro grupo, non dubides en vir! Axudarémosche a que a túa idea brille.

Cada equipo pode contar co apoio dos recursos da aula e o talento dos estudantes e profesores que se animen a colaborar. Non importa se o teu proxecto é pequeno ou ambicioso, aquí poderás atopar o soporte e a inspiración para facelo realidade. E ollo! **Se non pertences a ningún equipo pero tes ganas de aprender ou axudar... tamén es máis que benvido ou benvida!**

Familias, vós tamén sodes parte!

Sabemos que nas familias hai moito talento e experiencia acumulada. Convidamos a nais, pais, tíos, avós e avoas a sumarse aos proxectos xunto cos estudantes. Tal vez teñas habilidades en costura, carpintería, deseño, fotografía, ou simplemente ganas de botar unha man. Na aula de Polos Creativos, **todos podemos aprender uns doutros**. Canto máis diversa sexa a colaboración, máis enriquecedora será a experiencia para o alumnado.

Como podes participar?

- **Grupos de traballo e equipos:** Se tes un proxecto en marcha ou estás a planear un, ven e cóntanolo! Axudarémosche a planificar, crear e producir todo o que necesites. Necesitas un cartel para unha campaña de igualdade? Estás a pensar en fabricar decorados para a obra de teatro escolar? Aquí podemos facelo xuntos.

- ⦿ **Alumnado:** Podes participar de moitas formas. Se tes algunha *habildade especial, ganas de aprender ou simplemente queres colaborar en algo novo*, este é o teu espazo para crecer e achegar o teu granito de area nos proxectos do centro.

- ⦿ **Profesorado novo:** Este é o lugar perfecto para coñecer aos teus colegas e *sumarte a proxectos* interdisciplinares. Podes propoñer iniciativas ou unirte ás xa existentes, enriquecendo as experiencias educativas do alumnado.

- ⦿ **Familias:** Se tes tempo e apetéceche, *anímate a participar xunto co teu fillo ou filla nos proxectos*. Pode ser unha experiencia marabillosa para compartir, aprender e achegar a túa experiencia.

Un lugar de creación, innovación e comunidade

A aula de Polos Creativos non é só un taller, **é un lugar onde colaboramos, divertímonos e aprendemos xuntos**. A creatividade é unha ferramenta increíble, e aquí poñémola á túa disposición para que cada proxecto, sen importar de que equipo ou grupo veña, fágase realidade.

Club de lectura

- *Qué é?*

É un grupo de profesorado e alumnado que se xunta para ler.

- *Onde?*

Por varios espazos do centro: biblioteca, salón de actos, AE...cando ven o bo tempo o club sae aos espazos exteriores.

- *Cando?*

Durante un recreo cada semana ou cada quince días, depende do grupo.

- *Como?*

Lemos e comentamos a lectura ao mesmo tempo que tomamos un pincho de tortilla nun ambiente distendido.

- *Que hai de novo este curso?*

Entre as lecturas proporemos teatro para representar unha pequena obra.

A quem vai dirixido?

A todo o profesorado e todos os grupos e niveis do centro.

- *Que requisitos?*

Compromiso de asistencia regular e ter moitas ganas de ler.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Dende o equipo de dinamización lingüística establecéronse liñas de actuación que procuran incrementar o uso oral da lingua galega no centro e na contorna local, potenciar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta de normalización lingüística e establecer redes de colaboración con outros centros educativos e institucións como o Liceo de Noia, a biblioteca municipal ou o Centro de Información á Muller, entre outras.

Algunhas das actividades enmarcadas neste programa son:

- Gravación de pódcasts en coordinación coa radio do instituto ("A lusofonía, unha regalía").
- Composición e gravación dunha canción de rap contra a violencia de xénero para conmemorar o 25 de novembro, en coordinación co equipo de igualdade e a radio do instituto.
- Exposicións de arte visual elaboradas e expostas no centro, para celebrar o Día Internacional dos Dereitos Humanos ou o Ano de Castelao, entre outras.
- Elaboración e narración de relatos de terror para conmemorar o Samaín, actividade dirixida aos primeiros cursos da ESO.
- Selección de toques musicais en lingua galega, para indicar os cambios de sesión no centro.
- Visita do alumnado e profesorado á residencia de maiores de Noia para cantar panxoliñas con motivo do Nadal.
- Elaboración de video-poemas para salientar a figura de Rosalía de Castro como poeta da terra e referente precursora do feminismo.
- Participación na actividade do Correlingua, en coordinación co Concello de Noia.
- Encontros literarios do alumnado e profesorado do centro con autoras e autores galegos.

En resumo,
 Estes son os proxectos activos
 que temos no centro.
 Demandamos a vosa
 participación e colaboración.



A continuación amósanse unha serie de actividades que foron realizadas nestes cursos académicos dende o equipo de colaboración e coordinación de COMPAÁS:

Xornada de Benvida – Feira de Mostras dos proxectos activos para o curso 2023-2024

QUERES PARTICIPAR NA COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES DOS NOSOS

RECREOS ACTIVOS?

PRECISAMOS ALUMNADO VOLUNTARIO



Casa en acción

Recreos activos
2023-24

APÚNTATE Á XORNADA DE BENVIDA DO
LUNS 18 DE SETEMBRO

Mariña Castro
Sofía I. Marcano

AGARDÁMOSTE!
CONTAMOS CONTIGO!

Deseño do cartaz para as Xornadas de Benvida

Organización, temporalización e coordinación entre tódolos grupos de traballo para levar a cabo tódalas tarefas antes e durante a Xornada de Benvida

Tarefas

Salón de actos

- Ordear e colocar 101 cadeiras.
- Colocar unha cartulina de cor en cada cadeira.
- Pegatinas preparadas para repartir a cada alumno/a o luns.

Ximnasio

- Montar a mesa de cada proxecto. (Levar ao ximnasio o luns as 8.45h)
- Colocar mural para o "peche da actividade".

Profesorado participante (COMPAS)


- Anotarse no libro de gardas, nas sesións que nos deben cubrir.
- Enviar a Olalla listaxe do alumnado colaborador en cada stand para xustificar faltas.

Caseta/stand

- En cada posto, debemos ter 3 follas de preguntas para entregar ao primeiro grupo.
- Material para o MINI XOGO.
- Discurso/explicación do proxecto e os seus obxectivos.
- Cartulina coa "palabra" para entregar tras o mini xogo. (24 copias)

Compas, empecemos a bailar ao compás







FICHA DE INSCRIPCIÓN PARA O ALUMNADO



Nome:	Data: curso 2023/2024
Apelidos:	Correo electrónico:
Curso académico:	Grupo de clase:

Marca en que grupo ou grupos estás interesada ou interesado en participar:

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> Club de lectura | <input type="checkbox"/> Radio |
| <input type="checkbox"/> Dinamización lingüística | <input type="checkbox"/> Rede solidaria |
| <input type="checkbox"/> Hábitos saudables | <input type="checkbox"/> Robótica |
| <input type="checkbox"/> Igualdade | <input type="checkbox"/> Sostibilidade |

Persoa de referencia, data e lugar da 1ª reunión coas diferentes coordinacións:

- | | | | |
|---|--|-----------------------|-------------------------|
| <input type="checkbox"/> Club de lectura | Chefa Lorenzo Torea | 1/10/2023 | Aula específica |
| <input type="checkbox"/> Dinamización lingüística | Noemí Pazó González/
Mónica García Fraga/
Rita Molinos Castro/ | 5/10/2023 - 2º recreo | Biblioteca |
| <input type="checkbox"/> Igualdade | David Lombao Buide /
Maruxa Campos Sáez | 1/10/2023 | Aula segura |
| <input type="checkbox"/> Hábitos saudables | Alberto Albán Salgado | 1/10/2023 | Ximnasio |
| <input type="checkbox"/> Radio | Claudina Maneiro Arriaga | 1/10/2023 | Aula de proxectos |
| <input type="checkbox"/> Biblioteca (Rede solidaria, convivencia e benestar). | María José Villaverde/
Esperanza Videla Pérez | 2/10/2023 - mediodía | Biblioteca solidaria |
| <input type="checkbox"/> Robótica | Eva Brañas Rodríguez | 1/10/2023 | Aula de proxectos |
| <input type="checkbox"/> Sostibilidade | Raquel Creo Mayo/
Eva Berdullas Tomé | 1/10/2023 | Laboratorio de Química. |

Xornada de Benvida – Feira dos proxectos activos para o curso 2024 - 2025




Organización, temporalización e coordinación entre tódolos grupos de traballo creados o curso pasado para organizar un período de información e de matrícula para o alumnado interesado neste curso 24/25.

TEMPORALIZACIÓN DOS RECREOS ACTIVOS e RECREOS DE CONVIVENCIA

HORARIO RECREOS ACTIVOS RECREOS CONVIVENCIA

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PRIMEIRO RECREO 10.25 H - 10.45 H	<ul style="list-style-type: none"> • ORIENTACIÓN 	<ul style="list-style-type: none"> • GRUPO LECTOR 1º ESO (Aula específica) 	<ul style="list-style-type: none"> • GRUPO LECTOR FP BÁSICA (Taller) 	<ul style="list-style-type: none"> • GRUPO LECTOR 1º BAC (Aula 1º BAC - A) • GRUPO LECTOR E TEATRAL 3º ESO (Salón de actos) 	<ul style="list-style-type: none"> • GRUPO LECTOR 2º E 3º ESO (Aula específica)
SEGUNDO RECREO 12.25 H - 12.45 H	<ul style="list-style-type: none"> • BIBLIOTECA 	<ul style="list-style-type: none"> • IGUALDADE (Aula segura) 	<ul style="list-style-type: none"> • GRUPO LECTOR 4º ESO (Aula específica) • POLOS CREATIVOS 	<ul style="list-style-type: none"> • SOSTIBILIDADE (Laboratorio) 	<ul style="list-style-type: none"> • RADIO




Cartaz do Mercado solidario de Nadal

REUNIÓN DO PROFESORADO




Algunhas das actividades feitas ao longo do curso

Creación da decoración de Samaín e do Nadal con materiais reciclados e reutilizados.



Aula virtual de xestión da radio de Polos



Elaboración da rúbrica para o concurso de decoración de portas navideñas

Cómo se puntúa a decoración das aulas?

- **Creatividade e reutilización:** Valoramos sobre todo, que utilisedes **materiais reciclados de maneira creativa**. Espérase que non compredes nada e useses só o que xa tedes e usáchedes previamente, que **nada sexa novo**.
- **Traballo manual:** Todo debe ser **feito a man**, sen usar cousas de tenda ou industriais. Buscamos que se vexa o **esforzo e o traballo** que puxéchedes
- **Idea orixinal:** A decoración debe ter unha idea que sexa **única e innovadora**, non repetida noutras clases **nin ser só a típica** do Nadal
- **Presentación e acabados:** Queremos ver decoracións ben feitas, con cortes e con unións coidadas. Non debe verse pegamento nin elementos mal rematados.
- **Temática:** Se todos os elementos están conectados por un tema común teredes aparte unha puntuación extra.

Poñédlle un título á vosa aula!

Critério	Excelente	Bo	Suficiente	Mellorable
1. Uso de materiais reciclados	Todos os materiais son reutilizados, nada foi comprado ou é novo. Aproveitouse unha gran variedade de obxectos de refugallo, e todo é claramente reciclado. 3 puntos	Case todos os materiais son reutilizados. Usouse algunha cousa nova pero en pouca cantidade. Nótase o esforzo en reciclar. 2 puntos	Utilizouse unha mestura de materiais reciclados e algúns novos, sen un enfoque claro na reutilización. 1 punto	Moitos materiais son novos ou non reciclados. Non se fixo un esforzo suficiente en usar materiais de refugallo. 0 puntos
2. Todo feito a man	Todos os elementos están claramente feitos a man polo alumnado, sen pezas prefabricadas ou compradas. 2 puntos	Case todo está feito a man, pero hai unha ou dous partes que parecen prefabricadas ou comerciais. 1 punto	Algunhas partes importantes están feitas con obxectos comprados ou industriais, pero nótase un esforzo en facer as decoracións a man. 0,5puntos	Gran parte dos elementos parecen prefabricados ou comprados. Non se seguiu o criterio de que todo estea feito a man. 0 puntos
3. Orixinalidade	A decoración é completamente única , non se parece á doutras clases nin a típica do Nadal. A idea é moi creativa e diferente. 2 puntos	A decoración é orixinal , aínda que hai algunhas ideas típicas ou que se repiten noutras clases, pero traballouse a creatividade. 1 punto	A maioría de elementos da decoración son típicos ou similares a outras clases e non hai moita innovación, pero vese un esforzo en ser algo orixinal. 0,5puntos	A decoración é moi parecida a outras clases ou non presenta ideas novas . 0 puntos
4. Boa presentación e acabados (Decoración ben feita, limpa e con bos acabados)	Os cortes e unións están moi ben feitos, sen imperfeccións, rebabas ou pegamento visible. Todo está limpo e ben presentado. A decoración está moi ben presentada: cortes limpos, sen restos de pegamento ou mal unidas. Todo se ve ben feito. 2 puntos	Os acabados son bos , pero hai pequenas imperfeccións, como restos de pegamento ou cortes non precisos. A maioría da decoración está ben presentada, aínda que hai algúns detalles que poderían mellorar (pegamento visible ou cortes irregulares). 1 punto	A presentación é adecuada, aínda que hai varios detalles de acabados que poderían mellorar, como unións ou cortes descoidados. A decoración é aceptable, pero ten varias partes mal acabadas ou pouco limpas. 0,5puntos	A presentación é descoidada , con moitas imperfeccións visibles, como pegamento derramado ou cortes mal feitos. A decoración ten moitos erros de acabado (pegamento, cortes mal feitos ou unións descoidadas). 0 puntos
Extra: Coherencia cun tema	Toda a decoración segue un tema claro e indicouse cun título . O tema é evidente e está ben desenvolto en todos os elementos decorativos. 1 punto	Hai unha idea central ou tema, pero non está claro ou non se indicou cun título. 0,6puntos	Hai unha pequena idea de tema, pero non é coherente nin está ben explicado. 0,3puntos	Non hai un tema que unifique a decoración. 0 puntos

Día da Paz



Este ano, para celebrar o Día da Paz, imos realizar este pequeno proxecto.

Trátase de escribir a nosa mensaxe ou precepto, relacionado coa paz, nun papel que pegaremos, a modo de etiqueta, nun botellín de auga baleiro.



MARZO 2024 MES DA MULLER



MOVEMENTOS NO

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

RUEIRO FEMINISTA DE NOIA

MAPA INTERACTIVO

- Proposta formal ao Concello para cambio do rueiro de Noia.
- Entra co código QR e visita as rúas da Noia Feminista.
- Consulta a infografía de cada muller.



VENRES 8 MARZO 12:00 HORAS

- ENTREGA DE PREMIOS DA MOSTRA AUDIOVISUAL
- LECTURA DE MANIFESTO

MINIPODCAST O FEMINISMO EN PALABRAS

CONCURSO RADIOFÓNICO

Atendede nos recreos á nosa radio para gañar premios.

ONDAS FEMINISTAS

MURAL EXPOSICIÓN

- Líña do tempo das 4 ondas feministas.
- Concurso por titorías.



Directos na radio co equipo PodCASA



Campaña para mellorar o proceso de reciclado no centro:

SOS CASA

**Reutiliza
Recicla
Reduce**

COLECTOR AZUL
Cartón
Revistas
Papel
Xornais

COLECTOR MARRÓN
Restos de comida
Bólas, panos e
toallíñas de papel

COLECTOR AMARELO
Envases de plástico
Envases metálicos
Tetrabriks

**NESTE CONTEDOR
PAPEL
PARA
REUTILIZAR**
DEPOSITA AQUÍ
PAPEL QUE SE
POIDA VOLVER A
USAR

**XUNTOS PRACTICAMOS OS 3R
XUNTOS COIDAMOS DO PLANETA**

Tódalas actividades están recollidas nas diferentes redes sociais do centro e están temporalizadas na aula virtual do grupo de traballo COMPÁAS.

Instagram @orientacasa, @linguacasa, @tecnocamposanalberto, ies_campodesanalberto.